

COMPETENCIA DESLEAL



Tít. orixinal: *Concorrenza sleale*

Ano: 2001

Duración: 110 min.

País: Italia

Dirección: Ettore Scola

Guión: Ettore Scola, Furio Scarpelli, Siliva Scola, Giacomo Scarpelli

Música: Armando Trovajoli

Fotografía: Franco di Giacomo

Reparto: Diego Abatantuono, Sergio Castellito, Gérard Depardieu, Jean-Claude Brialy, Claude Rich, Claudio Bigagli, Anita Zagaria, Antonella Attili

Productora: Medusa Film

Xénero: Drama

Para tódolos públicos

Sinopse: Umberto é un xastre propietario dunha elegante xastrería que está perdendo clientes en favor do seu veciño xudeu Leone. A súa rivalidade profesional os divide, estimulados polas súas estratexias e trucos sucios. Sen embargo, os seus fillos menores van xuntos ao colexio

e o fillo dun e a filla doutro son noivos. Todo cambia cando o goberno italiano aproba as leis raciais contras os xudeus en 1938.

Unha mirada humana a un mundo deshumanizado

por Julio Rodríguez Chico (tomado de <http://www.labutaca.net>)



Ettore Scola volve a por a súa mirada humanista na Italia de Mussolini – na liña de “Unha xornada diferente”, “A familia” e “A saga de baile” – para criticar a indiferenza ante o atropelo sufrido por quen soamente se distinguían pola súa condición de xudeus.

Neste caso, a historia particular organízase en torno a dous comerciantes de traxes á medida, que libran a súa batalla particular por gañarse á clientela e cuxa rivalidade

supera o meramente profesional. Ambos poñen en xogo as súas estratexias mercantís, e ambos gozan de familias segmentadas por un mesmo patrón: os seus fillos pequenos son íntimos de clase e xogos, entre os irmáns maiores xurdiu un romance ao Romeo e Xulieta, e en torno a eles merodea a típica parentela romana.

Narrativamente, a historia comeza nun ton lixeiro e amable ao presentar unhas relacións de “competencia desleal”, pero cun aire moi humano e con certa comicidade. A situación da un xiro ao aflorar o virus que se incubou pouco a pouco: a condición xudea de Leone, que agora Humberto bóttalle publicamente en cara. A partir de entón, o dramatismo toma a pantalla e fai avanzar a trama principal dunha Italia onde a intolerancia adónase da rúa, á vez que se produce un achegamento persoal entre os veciños rivais e que culmina coa emocionante escena da visita ao enfermo Leone.

Scola quixo centrarse no sucedido nunha rúa romana, reconstruída ao vello estilo dos decorados de Cinecittá, para abordar un problema do pasado italiano e tamén do presente europeo: a inmigración e a intolerancia racial.

Faino dende unha óptica moi humanista, achegándose ao drama dunha familia simpática e aberta que quere vivir e que a deixen vivir, pero que ve como a irracionalidade e a indiferenza os expulsa do seu fogar. Esta realidade queda moi ben sintetizada no último plano da película, encadre subxectivo do neno-narrador que mira impávido como o seu amigo da alma alónxase quizais para sempre. O clima entrañable acádao grazas á magnífica interpretación de todos os seus actores, realizada con admirable autenticidade, con Diego Abatantuono e Sergio Castellitto como personaxes máis desenvoltas, e cun Gerard Depardieu falando en italiano que non se acaba de asimilar a pesar da súa boa actuación (polo que non parece que fora axeitada a labor de casting neste caso).



O retrato satírico, cómico por momentos, do goberno de Mussolini apóiase nunha fina e áxil ironía nos diálogos, e na recreación de varios estereotipos, como o do cuñado de Humberto – paradigma do vago recrutado polos fascistas – ou o da dependenta namorada do seu xefe. Pero incluso estas personaxes son tratadas con amabilidade, con humanidade.

Igual que Tavernier en "Salvoconduto", tamén aquí Scola quixo facer unha revisión da historia italiana, do seu pasado en conivencia co poder nazi, e criticado a postura daqueles que dicían pero non facían, de quen vía como se cometían as maiores inxustizas e se acomodaban ao vento favorable, soamente preocupados pola súa situación persoal. É o que viviu o propio director italiano na súa nenez, ao contemplar unha realidade que non chegaba a entender.

Unha película amable e cunha sutil carga de profundidade, ben construída e interpretada, sobre vidas correntes envoltas no furacán da irracionalidade dalgúns episodios do século pasado.